

# Carvalho Calero: a palabra viva dun intelectual inmorrrente



Ricardo Carvalho Calero en Sargadelos á beira da factoría

**Santiago (Por Luís Villamor). Xogaba no seu esmacelado despacho de Filoloxía cunha regra, coa mesma que ordeaba rigurosamente o discurso. Axeitaba o vello profesor un lápiz aquí, unha goma de borrar alá, entre un silencio sepulcral polo que latexaban records, conceptos e lúcidas disquisicións académicas e lingüísticas. Carballo foi un investigador da lingua e a literatura galega. Mais tamén un bardo, un creador. O xornalista falou por derradeira vez co poeta dormido no Pazo de Bendaña de Compostela. Alí acudía Carballo, interesado pola exposición da longa noite de pedra da poesía galega, celebrada en maio do pasado ano. Produto dunha dilatada conversa celebrada**

**por aquelas datas, xurdiu unha hora de cinta magnetofónica, que serve para despedir o senlleiro petrucio da xeración de Cunqueiro. Así falaba un intelectual que permanecerá sempre na historia da cultura galega.**

**Supoño que nestes momentos da súa vida ten vostede na memoria unha auténtica longametraxe persoal...**

Si, claro. Eu pertenzo á xeración que sufriu a guerra e as súas consecuencias, a que sufriu as secuelas dunha maneira máis intensa. Non hai persoal da miña idade que non combatese, ou estivese refuxiado nunha embaixada, ou que non padecese cautiverio, ou hai moi poucos...

Entrevista publicada en "La Voz de Galicia" o 1 de abril de 1990

**¿É certo que na súa adolescencia quixo ser marino?**

Non lle estrañe, porque eu nacín en Ferrol, que é unha cidade eminentemente militar. Se queremos ser exactos onde pretendín ingresar foi na Escola Naval, porque en Ferrol a suprema aspiración profesional é, ou era naqueles tempos, ser membro da Marina de Guerra, de maneira que a esa idade non era eu propiamente, senón mais ben os meus conselleiros familiares que entón me orientaban.

**As circunstancias, vaia.**

Si. Si. Claro está.

**O caso é que, finalmente, veu a Santiago e estudou Dereito. Carreira un tanto pragmática para o que eran as súas inquietudes literarias, ¿non?**

É curioso, porque se vostede examina o meu expediente, que o gardan na secretaría da Facultade de Dereito, se sorprenderá do brillante que é, moito máis brillante que o que teño como cursante de Filosofía e Letras, que é a outra carreira que fixen en Santiago, anque me doutorei en Madrid. As cousas sen embargo teñen a súa explicación normal. Eu fixen Dereito por oficial, asistindo ás clases, mentres que Filosofía, con excepción dalgunhas materias comúns, fíxena por libre, e claro, sempre hai máis facilidades para o alumno que está en contacto co profesor e as bibliotecas, que co que está a 100 kilómetros, e obtén a súa información dun xeito menos inmediato.

**En Ferrol vostede tiña publicado daquela, nuns xogos frorais ou algo similar algúns versos en galego, contraponto ao que se facía habitualmente, se non me equivoco alá polo menos 47 ou 48.**

Eu escribín en galego dende moi novo, aínda que, por suposto, tamén en castellano, e despois da guerra tamén publiquei bastantes cousas en galego. Non sei exactamente a cal poema se refire... Escribín en varias revistas que se publicaban en Ferrol. As miñas primeiras poesías saíron en *El Correo Gallego*, que entón se redacta-

ba e imprimía en Ferrol, e tamén publiqui poemas en *Vida Gallega*, entón aínda dirixida por Jaime Solá, en Vigo. E noutras revistas, algunhas ferrolanas, anteriores á guerra e posteriores. Seguramente, á que vostede se refire é a unha que dirixía un parente meu, e que se chamaba *Maruxa*, onde é posible que aí estexan os máis antigos poemas meus. E, dende logo, algúns en galego, dos anos 1924 ou 1925.

#### **Vostede é da xeración do Seminario de Estudos Galegos...**

Si. Adoito ser considerado un membro desa xerazón, a de Aquilino Iglesia e Álvaro Cunqueiro, aínda que son o máis caracterizado dos tres, porque eles son deses tempos pero non traballaron propiamente no Seminario. Aquilino traballou despois da guerra no que se chamou Instituto Padre Sarmiento, mentres que eu fun incluso secretario do Seminario de Estudos Galegos.

#### **A idea de europeización de Galiza, latexa en todos os seus traballos, neste senso pódese dicir que hai un claro nexo cos homes de "Nós".**

Efectivamente; é que a xerazón do Seminario de Estudos Galegos é herdeira e continuadora da Xerazón Nós, e non había ningunha ruptura xeracional entre un Risco, un Otero Pedrayo, un Castelao, un Cuevillas e nós. Todo o contrario. Eramos fervorosos admiradores destes homes, que foron os que en realidade iniciaron ese movemento que eu chamo eurogaleguismo.

#### **¿Ten algunha correspondencia necesaria a idea de eurogaleguismo coa inserción de Galicia nas estruturas político-económicas da Europa de hoxe?**

Naquela época, a verdade é que cando se iniciou o noso traballo, no Seminario de Estudos Galegos centrámonos especificamente no aspecto cultural, pero non faltaban encadramentos ideolóxicos dentro dun futuro, se se quer utópico, que significaba algo así como o enlace coa Idade Media, na que Santiago de Compostela era un centro importante como consecuencia das peregrinacións. Os homes



de «Nós» viñan a continuar en certo modo o labor de Xelmírez e todas aquelas figuras da Galiza medieval, que estaban en contacto cos centros europeos da cultura: nós proseguimos esa ruta espiritual. De xeito que, así como na Idade Media, o Sacro Imperio Romano-Xermánico e o Imperio Carolinxio supuñan a cobertura político-social desta comunicación cultural, nos falábamos moito dos estados unidos de Europa, mais non insistiamos demasiado neste aspecto, porque os homes do Seminario traballabamos especialmente no eido cultural. Aínda así, nos últimos tempos da monarquía, efectivamente, a politización foi xeral e, vagamente, tiñamos a idea de que unha comunidade europea sería

unha superestrutura que protexería o desenvolvemento da cultura galega, que considerábamos eminentemente europea. Con visión de hoxe, hai que dicir que foi positivo este pensar.

#### **Neste senso, anticipáronse absolutamente aos tempos habituais...**

Por suposto, o galeguismo é unha forma de modernidade, e o anti-galeguismo unha forma de arcaísmo, de reacción intempestiva, xa que non se trata dun galeguismo orientado para un nacionalismo que se peche en si mesmo, senón todo o contrario. Defendíamos un galeguismo dos tempos medievais en que Galiza era eminentemente europea, e o arcebispo de Santiago estaba en contacto directo constante con Cluny ou con Roma.



Retrato de Carvalho Calero realizado por Tomás Barros

Ricardo Carvalho Calero con alumnas e alumnos do grupo de teatro do colexio Fingoi



Para min, e isto xa o ten formulado Otero Pedrayo, Galicia foi tanto máis europea canto máis galega foi.

**Hai que argumenta que o galego se conserva nun estado máis puro ca o portugués, que tería incorporado moitas máis palabras españolas durante o século XVIII...**

Vexo que vostede está sumamente influído por unha serie de falsas ideas, que algúns modernos políticos, máis ou menos preparados lingüísticamente, están a expoñer. En primeiro termo, no país que chamamos España existen unha serie de formas que son independentes entre si; é dicir, o catalán, coas súas dependencias, valenciano ou mallorquín, que son independentes do castellano. Neste sentido, non hai entre o catalán e o castellano unha distinción xenérica importante, nin máis importante que a que pode haber entre o portugués e o propio castellano. Para min o portugués é unha lingua española, o mesmo que o castellano e o catalán, porque España é o nome que corresponde á totalidade da Península, e por iso non podemos considerar ao portugués como unha lingua máis estraña para nós que o castellano. Penso que hai que superar os prexuízos, que son de tipo político, porque pensar que de súpeto o galego se detén no Miño, e que máis alá se fala unha lingua totalmente distinta é absurdo. Polo que se refire a que se o portugués está máis castellanizado ca o galego, como se chegou a soster, hai que recoñecer que semellante afirmación

é sumamente apaixonada, e inspirada polo desexo de romper os lazos entre o galego e o portugués. A realidade é totalmente oposta. O galego leva moitos séculos erosionado polo castellano, e, entón, no galego hai unha serie de termos e de usos lingüísticos que desprazan aos auténticos. A Corte portuguesa, como consecuencia das relacións internacionais, estivo moi influída pola castellana, pero o castellano tamén tomou moitos termos do propio portugués. Por exemplo, os portugueses para designar o idioma de Castela din `castelano' que é unha palabra castellana, e antigamente dicían algo parecido ao noso `castelao' pero o castellano tamén tomou moitos termos do propio portugués, palabra esta que é un portuguesismo, porque en castellano diríase portugalés. De maneira que son intercambios inevitábeis, que se dan entre idiomas contiguos, e entre falas e países que se relacionan intensamente. Pero a afirmación de que o portugués está máis castellanizado do que o galego é contraria á evidencia.

**¿Cre que é posible unha situación de equilibrio lingüístico en Galicia?**

É evidente que haberá que poñer o galego en condicións de poder

competir co castellano, o que é moi difícil porque o castellano lévanos moitos séculos de adianto, e entón considero que no fondo é inaceptábel a teoría dos que queren que o galego e o castellano sexan tratados igualmente. Porque tratar igualmente os desiguais supón trato desigual, e creo que hai que primar ao galego en moitos aspectos, xa que doutra maneira non podería repararse nunca unha situación histórica de desprestixio do idioma, produto do proceso de desgalguización que a partir do século XV se produciu no noso país.

**¿Ten algo que ver a literatura que se fai hoxe, que se leva feito nos dez ou quince últimos anos, coa da súa época de xuventude?**

A literatura galega de agora ten, con relación á doutros tempos, ventaxas e inconvenientes. A principal ventaxa radica en que, siquera dunha maneira oficial, o galego está recoñecido. Hai un ensino, non suficientemente intenso nin ben orientado, do galego e da literatura galega, nos centros públicos e privados, que non existía cando eu era mozo, por exemplo. Entón, hai máis facilidades para producir, máis estímulo. Hai canles oficiais remuneradas. Non hai persecución, e todo isto fomenta a litera-

Intervención no acto de homenaxe a Castelao organizado por AGAL, en Rianxo no ano 1986

Cadro de Seoane dedicado a Carvalho Calero á quen llo agasallou na súa viaxe a Arxentina



tura galega que, en volume, evidentemente, é máis importante que neutros tempos. En troques, este acceso ao mundo oficial da literatura galega non deixa de ter os seus inconvenientes. Por exemplo, eu non estou de acordo co espírito de dirixismo excesivo que a política cultural dos últimos tempos representa. Son máis partidario de deixar os escritores en liberdade, se é necesario, á intemperie, con menos protección crematística, pero tamén con menos restricións polo que se refere a solucións estilísticas, as opcións respecto a unha normativa lingüística que poidan adoptar. Creo que non se debe callar, fosilizar, nunca unha forma artística, e hai que procurar que os autores experimenten, sen discriminar nin aos que siguen submisamente unha orientación oficial nin a aqueles que, con iguais dereitos, procuran explorar campos distintos.

**Vostede, en principio, defendía un galego que estaría máis próximo do que sería agora a normativa oficial e co decorrer do tempo pasou a defender o que moita xente chama "lusismo".**

Iso que se chama lusismo por algunhas persoas é simplemente galeguismo. Para min lusismo non é

senón unha forma de hispanismo. Quero dicir que lusista é aquel investigador interesado na literatura portuguesa. Se se chama lusista a un escritor como Castelao, que propugnaba a coordinación da nosa lingua coa do viciño país, entón me parece que estamos empregando abusiva e equivocadamente unha expresión. Por iso non gosto da expresión «lusismo», que, por outra parte, procede do campo dos que estiman equivocada esta orientación. Castelao, naquela famosa carta dirixida a Claudio Sánchez Albornoz, con motivo de outra que este lle dirixiu, cando Castelao obsequiou ao celebre historiador español cun exemplar do seu libro «Sempre en Galiza», propugnaba a aproximación do galego ao portugués, porque estimaba que as linguas modernas da cultura se forman por aglutinación, por suma, por coordinación das diversas realizacións dos sistemas. Entón, considero que a postura que manteñen moitos escritores actuais, segundo a cal hai que manter ese contacto co portugués non é, de ningunha maneira, unha fórmula revolucionaria. Por eso eu non necesitei cambiar de parecer.

**Ou sexa, que os normativos están equivocados.**



En realidade, hai que desvanecer ese erro, segundo o cal a tradición era anti-portuguesa, e a revolución consiste en aproximar o galego ao portugués. Se vostede examina a tradición verá que tanto o galego como o portugués son realizacións dun sistema, o iberorrománico occidental. Se alguén afirma que eu sufrín unha reconversión sostén unha doutrina absolutamente equivocada. Eu sigo a tradición de «Nós», do galeguismo e o romanismo en xeral. O que ocorre e que, naturalmente, segundo as circunstancias, pódese avanzar con maior ou menor decisión por ese camiño. O que acontece é que en tempos de Franco, cando había tanta suspicacia respecto ao simple feito de



Maio de 1982, na Homenaxe nacional organizada por unha morea de asociacións. Na foto: Abaixo (de esquerda a dereita): Aurora Marco, Ricardo Carvalho Calero, M<sup>a</sup> Lidia Fontoira e Andrés Sobrino Suberviola. Arriba (de dereita a esquerda): Xoán Verdini Deus, Araceli Herrero e outras antigas alumnas de don Ricardo

escreber en galego, era practicamente imposible insistir con vehemencia na unidade substancial das diversas formas do sistema iberorrománico occidental. Se non se podían adoptar posturas políticas, senón dunha forma máis ou menos subrepticia ou subliminal, tampouco se podía insistir na unidade sustancial de galego e portugués como sistema lingüístico. E iso é todo. Só que considero unha expresión infeliz a de «lusismo». Insisto, para designar aos galeguistas que opinan como Castelao.

**Hoxe publícase bastante en galego, pero as veces parece que aos traballos lles falta, como diríamos, alma...**

Si, evidentemente, aínda pasa eso, e a cousa se complica porque hoxe hai unha corrente de protectores da cultura que apostan, con fervor eminentemente enxebre, por un hiperenxebriismo cicais superado polas circunstancias dos termos, e por outra parte hai quen pensan nun galego con destino literario máis universal. Tamén se dá o caso de que as obras redactadas con arreglo a unha ou outra orientación son especialmente preferidas ou tratadas con especial benevolencia polos correspondentes adeptos a unha ou outra. Pen-

so que hai que tratar a literatura galega coma se fose literatura noruega ou literatura rusa. O bon está escrito en galego e está escrito en chino, o mesmo que o mau, sen que isto queira dicir que non debamos fomentar a literatura galega, pero, ao meu xuízo, unha forma equivocada de fomentala é louvar todo ou case todo o que se escribe en galego.

**Vostede escribiu estes versos: «Pra vós a verdade / Pra min a beleza / Pra vós o concepto / Pra min a verba»...**

Si escribín eses versos, pero non pretendo tampouco ser un programa de *Ars Poetica* exclusivista. Eu teño escrito, e moi tempranamente, poemas de temática social e política. Por exemplo, recordo que fixen un poema á morte de Gandhi, apóstolo da liberdade do seu país.

**Hai un poema-máxima de Celso Emilio que dí: “O corazón manda e eu obedezco”. Neste senso, resulta obvio que a súa poesía social arrincaba dunha necesidade afectiva.**

Si, evidentemente. A poesía ten que ter unha base sentimental, non no sentido romántico, pero é que para dicir a verdade temos outros xéneros literarios, outros xéneros científicos. A poesía ten que expresar

ante todo sentimentos, maneiras intuitivas de ver a realidade, quentada polo calor da vida e neste sentido, a expresión dese poeta que ten citado coincide co meu punto de vista. De calquer forma, a temática social e política é moi interesante, pero non pode aspirar a monopolizar totalmente o campo da literatura, porque hoxe non estamos sometidos a un rexime político que teñamos que combater como principal motivación ética colectiva. Pero a veces incluso nos pasamos, porque se examinamos a poesía de hoxe veremos que reaccionou con excesiva dose de desprezo fronte á poesía social. Esta última é verdade que confundía o volume da protesta coa finura do timbre lírico, mais hoxe tendemos a unha poesía demasiado romántica, demasiado aristocrática, demasiado críptica, que parece mentira que sexa moitas veces obra dos mesmos poetas que na súa extrema mocidade escriberan poemas tan prosaicos ■